

**ACTA Nº 05-2012**  
**DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA**  
**POLO PLENO MUNICIPAL**  
**DIA 30/03/2012**

**Marxe que se cita:**

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día e hora indicada na convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión Extraordinaria Urxente.

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes :**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

**Concelleiros ausentes:**

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

**Secretaria accidental:**

Vicenta A. Campaña Martínez

**Interventora accidental:**

Mª Jesús Fernández Reiriz.

Constatada a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DÍA:**

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-**

**2º.- PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012.**

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

O sr. Presidente pregunta aos/as sres/as.concelleiros/as sobor da ratificación da convocatoria deste pleno por urxencia, conforme ao exposto na propia convocatoria, en

relación a este asunto PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012 sendo imprescindible a súa aprobación antes de final de mes.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, resulta:

Ratifícase a urxencia da orde do día do pleno por unanimidade dos membros presentes ( 6 do BNG, 4 do PSdG-PSOE), isto é, 10 dos 17 que conforman o pleno municipal.-

## **2.- PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012.**

O Sr.Alcalde parte da proposta e do informe de intervención que figuran no expediente deste asunto, que literalmente din:

<<O Real Decreto –lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais prevé no seu artigo 7 a elevación ao Pleno dun plan de axuste para a súa aprobación antes do 31/03/2012. Este artigo establece cal é o contido mínimo do mencionado Plan.

Emitido informe pola intervención accidental do día 28/03/2012, acompañado do informe do Xefe do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial do 27/03/2012 favorable coas novas medidas propostas.

O presente Plan de Axuste ten como orixe os datos da liquidación do orzamento do exercicio 2011, remitidos ao Ministerio de Economía e Facenda vía telemática con data 20/03/2012.

A duración do Plan de Axuste é de 10 anos que é o fixado por acordo da Comisión Delegada do Goberno para asuntos económicos.

Sendo o órgano competente para a aprobación do plan de axuste o Pleno da corporación, esta Alcaldía efectúa a seguinte proposta de ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o plan de axuste que incorporará a explicación detallada e cuantificada contida neste, e do que resultan as seguintes medidas de entre as posibles, someramente reflectidas deseguido ( empreganse os epígrafes recollidos no Plan):

### **B.1 Descrición medida de ingresos**

- Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias.

#### **I.B.I.**

O Real decreto Lei 20/2011 prevé unha subida do noso tipo impositivo que se aplica ao valor catastral de bens urbanos do 0,55 por cento ao 0,605, para o exercicio 2012.

O equipo de goberno estima necesario realizar unha actualización dos valores catastrais dos bens inmoables urbanos, pois a ponencia de valores que se está a aplicar está moi desfasada, en concreto

corresponde ao ano 1988. Isto suporía que os ingresos se incrementarían no exercicio 2013 un 5% e nos seguintes un 8%. A ponencia de valores espera aprobarse en xuño do 2012, para que sexa aplicable o 01/01/2013

Tamén considera necesario, alomenos ata que se aplique o novo valor catastral de forma plena, que se manteña o tipo que agora impón o estado de 0,605 por cento. A ordenanza fiscal correspondente aprobaríase no exercicio 2012, para que inicie a súa vixencia o 01/01/2013.

O incremento interanual por este concepto en relación co ano anterior é o que se reflicte no seguinte cadro, expresado en miles de euro:

	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
Axustes IBI	113,02	57,18	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49

#### **IVTM**

Mantense ata o exercicio 2015 prevista no plan de saneamento aprobado no exercicio 2009 de incrementar os coeficientes nun 3% anual.

A ordenanza fiscal correspondente aprobaríase en setembro do exercicio 2012, para que inicie a súa vixencia o 01/01/2013.

Medida 2: Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (asinamento de convenios de colaboración co ESTADO e/o CCAA)

Dado o volumen de dereitos pendentes de cobro existentes na actualidade e o cambio organizativo dos servizos tributarios municipais vanse a acometer actuacións de reorganización dos mesmos nas súas diversas áreas (xestión, inspección e recadación) co obxectivo de intensificar e optimizar a súa actividade e por outro lado, mediante a formalización de fórmulas de colaboración coas entidades territoriais superiores como a Xunta de Galicia e/ou a Diputación Provincial o que permitirá ao Concello abarcar maior ámbito territorial e contar coas organizacións administrativas de xestión e recadación tributaria mais especializadas e con maiores medios que a Facenda Municipal o que, indudablemente, incrementará o porcentaxe de recadación de dereitos pendentes de pago e o afloramento de feitos impoñibles que na actualidade son de difícil detección cos medios e modelo organizativo utilizados ata a data.

#### **B.2 Descrición medida de gastos**

Medida 1: Reducción de custos de persoal (reducción de soldos ou efectivos)

Engadir ao xa manifestado á previsión de redución de persoal adscrito aos servizos xerais (importe estimado 60.000,00 € anuais)

Medida 10: Reducción da celebración de contratos menores (primarase o requisito do menos precio de licitación).

Considerase a redución dos seguintes gastos debido á súa nova contratación baixo criterios de contratación agregada e por menor prezo de licitación,

-Aforro enerxético (alumeado público e suministros eléctricos)	82.000,00 €
-Gastos telefónicos	5.000,00 €

Medida 11: Non execución de inversión prevista inicialmente.

Considérase una redución da inversión prevista para o 2012 no Paseo Marítimo de 146.700,00 € que se fai extensiva ao período 2013-15 nesa e outras inversións.

Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.

Considerase una redución anual en gasto por transferencias corrientes-subvenciones de 40.000,00 €  
Control do gasto para garantir a prohibición de calquera gasto sen consignación orzamentaria.

### **B.3 Outro tipo de medidas.**

Medida 2: Estimación realista dos dereitos de dudoso cobro

Considérase convinte e coherente coa nova estruturación dos servizos tributarios o cambio de criterio de cuantificación de dereitos de dudoso ou difícil cobro cunha imputación acumulativa anual do 10% dende o segundo exercicio de antigüidade.

**Segundo:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a adoptar as medidas previstas no plan de axuste para garantir a estabilidade orzamentaria, límites de débeda os prazos de pago a provedores, por un período coincidente coa amortización da operación de endebedamento que se prevea concertar no marco do Real Decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro (que será como máximo de 10 anos de duración).

**Terceiro:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a aplicar as medidas indicadas no presente plan de axuste.

**Cuarto:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a remitir toda a información que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere necesaria para o seguimento do cumprimento deste plan de axuste, así como calquera outra información adicional que se considere precisa para garantir o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites de débeda pública e as obrigacións de pago a provedores.>>

## **<<INFORME DE INTERVENCIÓN**

### **Asunto: Plan de ajuste al amparo del R.D 4/2012**

---

De conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Tercera del Real Decreto-ley 7/2012, del 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para la financiación de los pagos a los proveedores, en relación con la aprobación del plan de ajuste previsto en el artículo 7 del Real Decreto-ley 4/2012, del 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales, emito el siguiente informe.

### **I.- ANTECEDENTES.**

Consta en el expediente la siguiente documentación:

- Documentación relativa a la liquidación del presupuesto municipal del ejercicio 2011.
- Estados de gastos e ingresos del presupuesto prorrogado del ejercicio 2012.
- Propuesta de plan de ajuste de la Alcaldía.
- Informe de intervención municipal del 22/03/2012.
- Informe emitido por el Servicio de Asistencia a Municipios el 27/03/2012 sobre el Plan de ajuste elaborado..

Asimismo se indica que se tiene remitida relación certificada prevista en el artículo 3 del Real Decreto-Ley 4/2012, en caso de no efectuarse el pago de las obligaciones reconocidas, se someterá a consideración del Pleno, para su aprobación, si procede, el Plan de Ajuste previsto en artículo 7 del señalado Real Decreto-Ley, antes del 31 de marzo de 2012.

## **II.-NORMATIVA APLICABLE.**

- Constitución Española de 1978.
- Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- R.D.L. 781/86, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de Régimen Local.
- R.D.L 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Lei 5/1997, de 22 de julio ,de Administración Local de Galicia.
- R.D.Ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las ee.ll.
- R.D. Ley 7/2012, de 9 de marzo , por el que se crea el Fondo para la financiación de los pagos a proveedores.
- Orden HAP/537/2012, de 9 de marzo, por la que se aprueban el modelo de certificado individual, el modelo para su solicitud y el modelo del plan de ajuste, previstos en RD Ley 4/2012, de 24 de febrero.

## **III.-CONSIDERACIONES.**

### ***Contenido del plan de ajuste***

En cuanto a los requisitos de contenido de este plan de ajuste debemos remitirnos a lo estipulado en art.7 del R.D. Ley 4/2012 que establece lo siguiente ,

“El plan de ajuste aprobado se extenderá durante el período de amortización previsto para la operación de endeudamiento establecida en el artículo 10, debiendo los presupuestos generales anuales que se aprueben durante el mismo, ser consistentes con el mencionado plan de ajuste. En todo caso, el contenido del citado plan deberá cumplir los siguientes requisitos:

- a) Recoger ingresos corrientes suficientes para financiar sus gastos corrientes y la amortización de las operaciones de endeudamiento, incluida la que se formalice en el marco de la presente norma;
- b) Las previsiones de ingresos corrientes que contenga deberán ser consistentes con la evolución de los ingresos efectivamente obtenidos por la respectiva entidad local en los ejercicios 2009 a 2011;
- c) Una adecuada financiación de los servicios públicos prestados mediante tasa o precios públicos, para lo que deberán incluir información suficiente del coste de los servicios públicos y su financiación;

d) Recoger la descripción y el calendario de aplicación de las reformas estructurales que se vayan a implementar así como las medidas de reducción de cargas administrativas a ciudadanos y empresas que se vayan a adoptar en los términos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos;

e) Cualesquiera otros requisitos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos.

El Plan de ajuste podrá incluir modificación de la organización de la corporación local.

### **Elaboración**

El referido plan de ajuste deberá ser elaborado por la respectiva Corporación Local de acuerdo con su potestad de autoorganización según determina la disposición adicional tercera del R.D Ley 7/2012, debiendo acompañarse de Informe del Interventor Municipal.

### **Tramitación**

Respecto a la tramitación del mismo el citado art del R.D.Ley indica que deberá remitirse por la entidad local el día siguiente de su aprobación por el Pleno (que deberá realizarse antes del 31 de marzo) al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, por vía telemática y con firma electrónica, quien realizará una valoración del plan presentado, y se la comunicará a la entidad local en un plazo de 30 días naturales a contar desde la recepción del plan. Transcurrido dicho plazo sin comunicación de la citada valoración, ésta se considerará desfavorable. Valorado favorablemente el plan de ajuste se entenderá autorizada la operación de endeudamiento prevista en el artículo 10.

Visto el informe de Intervención Municipal de fecha 22 de marzo de 2012 en el que se informa desfavorablemente a la propuesta de plan de ajuste formulada por la Alcaldía se proponen unos **NUEVOS AJUSTES** a añadir a la propuesta inicial que se pueden resumir del modo siguiente:

#### PRESUPUESTO DE INGRESOS

- Medida 2 : Refuerzo de la eficacia de la recaudación ejecutiva y voluntaria (firma de convenios de colaboración con Estado y/o CC.AA.)

Dado el volumen de derechos pendientes de cobro existente en la actualidad y el cambio organizativo de los servicios tributarios municipales se van a acometer actuaciones de reorganización de los mismos en sus diversas áreas (gestión, inspección y recaudación) con el objetivo de intensificar y optimizar su actividad y, por otro lado, mediante la formalización de fórmulas de colaboración con entidades territoriales superiores como la Xunta de Galicia y/o la Diputación Provincial lo que permitirá al Ayuntamiento abarcar mayor ámbito territorial y contar con organizaciones administrativas de gestión y recaudación tributaria más especializadas y con mayores medios que la Hacienda Municipal lo que ,indudablemente, incrementará el porcentaje de recaudación de derechos pendientes de cobro y el afloramiento de hechos imposables que en la actualidad son de difícil detección con los medios y modelo organizativo utilizados hasta la fecha.

- Medida 2 Estimación realista de derechos de dudoso cobro.

Se considera conveniente y coherente con la nueva estructuración de los servicios tributarios el cambio de criterio de cuantificación de derechos de dudoso o difícil cobro con una imputación acumulativa anual del 10% desde el segundo ejercicio de antigüedad.

#### PRESUPUESTO DE GASTOS

- Medida 1 : Reducción de costes de personal.

Añadir a lo ya manifestado en la propuesta inicial la previsión de reducción de personal adscrito a los servicios generales (importe estimado 60.000,00 € anuales)

- Medida 10 : Reducción de celebración de contratos menores.

Se considera la reducción de los siguientes gastos debido a su nueva contratación bajo criterios de contratación agregada y por el menor precio de licitación,

-Ahorro energético (alumbrado público y suministros eléctricos)	82.000,00 €/año
-Gastos telefónicos	5.000,00 €/año

- Medida 11 : No ejecución de inversión prevista inicialmente.

Se estima una reducción de la inversión prevista para el 2012 en Paseo Marítimo de 146.700,00 € que se hace extensiva al período 2013-15 en esa u otras inversiones por tal importe.

- Medida 16 :Otras medidas por el lado de los gastos.

Se propugna una reducción anual en gasto por transferencias corrientes-subvenciones de 40.000,00 €

A resultas de lo cual, con el escaso tiempo para revisar estas nuevas medidas de ajuste, el Ayuntamiento de Rianxo prevé obtener unas cifras de ingresos corriente que dan cobertura a sus gastos corrientes y a la amortización de las operaciones de endeudamiento vivas más la generada por la aplicación del R.D.Ley 4/2012, de 24 de febrero debiendo poner especial cuidado en el cumplimiento de las medidas de ajuste de ingresos y gastos a aplicar en el periodo 2012-2015 debido a que es cuando se debe hacer frente a anualidades de amortización de la deuda viva de mayor cuantía.

Por otra parte, se debe concretar el calendario anual de aplicación de las medidas de ajuste.

#### **V.-CONCLUSIÓN.**

A la vista de las consideraciones citadas en el apartado anterior, el plan de ajuste elaborado es revisado por la Diputación Provincial e informado al respecto por el jefe del Servicio de Asistencia a Municipios, esta funcionaria, con la condición de que se realice una aplicación efectiva de las medidas a tomar, considera que el plan de ajuste cumple los requisitos exigidos por el art. 7 del R.D Ley 4/2012 y, por lo tanto, se puede informar favorablemente.

Es cuanto tengo el deber de informar.

Rianxo, 28 de marzo de 2012  
A interventora accidental  
Maria Jesús Fernández Reiriz>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 30/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

Polo Sr. Alcalde explícase que o Real Decreto Lei 4/2012 que sacou o goberno de Rajoy, determinou unha serie de obrigas para o financiamento do pago de provedores das entidades locais ao abeiro don plan de axuste a aprobar antes do 31 de marzo.

Di que é un plan de axuste a dez anos e que será aprobado unha vez se remita e estude polo Ministerio de Economía e Facenda e que contén medidas de reducción dos gastos públicos e recolla de ingresos suficientes.

Indica que o camiño único e éste: o goberno do estado vai proceder ao pago das facturas remitidas polos concellos (1.266.000 no caso de Rianxo) e logo temos que devolvelo, non é de balde. Ou imos con esta operación a dez anos ao 5% de interese ou o estado retirará das cantidades que recibimos mensualmente dos tributos até completar a cantidade adiantada. Esta non é opción, xa que poría en perigo e risco acometer os pagos ordinarios, polo que se adopta a decisión de ir ao plan de axuste que se somete a votación hoxe e que permitirá a medio prazo saír desta situación de crise e de falta de liquidez puntual.

Segue dicindo, que o Concello de Rianxo neste momentos está facendo un enorme esforzo para saldar unha débeda importante anterior. 1.000.000,00 de euros anual, de pagos que de non ser así, estaría permitindo realizar os pagos con outra solvencia e axilidade. Esta situación dura todo este mandato e remata no 2015 cando pasamos do millón anual a 370.000 € no 2016 e 185.000 no 2017. Este vai ser un problema que domine por tanto todo este mandato e que nos obrigará a extremar os controles, renunciar a determinados proxectos e contratacións que non teñan un financiamento próximo ao 100% externo e facer moitas economías de gastos e tamén de melloras de ingresos.

Dí que a falta de actualización e incumprimento da Lei catastral fai que para este ano o goberno do estado, nos impoña un dez por cento de suba dos tipos, unha suba que sería menor de termos actualizado o catastro nos últimos 25 anos para igualarnos ao resto dos concellos da comarca. Daí que entre as medidas que plantaxe o Catastro, aborde a revisión neste momento, onde os valores están máis baixos que nos últimos 4 anos de subida dos valores das vivendas. De termos feito a revisión, a suba sería moito menor, un 4% ou nalgún casos nada de suba. Explica que o Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, dí que este incremento estableceuse dunha maneira progresiva (10%, 6%, 4%) atendendo á antigüidade da revisión catastral e, por tanto, a súa adecuación ao valor do mercado: a maior antigüidade do valor, maior subida. Ademais, para evitar penalizar ás rentas máis baixas, exclúese do incremento ao 50% das vivendas de menor valor de cada municipio, sendo que os seus valores catastrais foran actualizados despóis de 2001. Tamén están exentas desta subida as vivendas cal valor catrastral fora revisado nos anos en que o valor dos inmobles era máis alto (2005-2007).

Segue dicindo que serán anos duros, de axuste, de economías para todos e todas. Sentar as bases para que comencemos a partir do 2015 a solucionar os problemas conxunturais..

Dí que temos un gastos improprios para mantemento e funcionamento dos colexios e escolas de 300.000,00 € que deberían ser asumidos pola Xunta de Galicia e que non se recibe axuda ningunha para sufragalos mesmos, nin da propia Xunta nin do goberno do estado.

Que neste momento hai unha taxa cero de reposición implantada desde o estado, en temas de persoal.. Se alguén se xubila non se pode cubrir a praza. Mentres non cambie ese criterio, será abondo para que non teñaños que recurrir a recortes salariais e se consiga unha pequena rebaixa neste apartado. Supoñendo isto nalgúns casos ter que externalizar servicios.

Tamén hai que tomar medidas que eviten o gasto innecesario, e renunciar a proxectos , coma por exemplo o novo paseo marítimo, tendo que centrarnos en rematar as obras inacabadas, optimizar os recursos que xa temos e cooperar coas administracións.



En canto ao aforro enerxético, eliminación de luminarias e outros controles do consumo eléctrico. Mellora nos contratos de servizos que agoran vencerán: lixo, iluminación municipal, e en cinco anos auga e saneamento. Inténtase facer o Plan de axuste cas mellores condicións, incluso para outros equipos de goberno posteriores.

Indica que os membros do P.P. non asisten ao Pleno, a pesar de saber que hai pleno dende o martes na sesión. Dí que o grupo do goberno tamén traballa e hoxe solicitaron estar aquí o que está amparado polos convenios colectivos, outra cousa é que non se queira estar.

Dí que o informe de intervención era nun principio negativo, e que se levou a Asistencia a Municipios para que incorporarán novas melloras, xa que a Interventora do concello está ausente por días. Que acudiron a tódalas administracións do PP e que veu informado por todas elas favorablemente, sendo un camiño moi longo.

O Ministerio de Facenda leva toda a semana remitindo aclaracións, documentos e similares, obrigando a realizar múltiples retoques, sendo a última a tarde de onte, 29 de marzo.

Todos os concellos estamos iguais, dentro de 1 hora, hai pleno en Ribeira e outros concellos apuran á última hora. En Santiago de Compostela contrataron unha empresa para facer o Plan de Axuste.

Indica que se non hai informe favorable o Plan, o estado retén o importe, poñendo en perigo incluso o pago das nóminas. O Plan de axuste conta co informe favorable da Interventora acctal., do Xefe de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial e que se basean nas medidas de ingresos que se van a producir: Subida do IBI, de acordo á lei 20/11 do PP, subida do 3%do I.V.T.M., rebaixa nas subvencións que concede o concello a entidades do municipio, acometelos pendentes de cobro, previsión das xubilacións en 10 anos, mellora nos contratos e redución dos contratos menores. Dí que hai que acollerse ao Plan de Axuste, por ser imposible afrontalo gasto doutra maneira.

Polo voceiro do PsdeG-PSOE D. José Carlos Gey Hermo, manifestase:

En primeiro lugar que sinte a ausencia dos membros do Partido Popular, xa que neste Pleno é onde se nota o apoio ó mesmo, por ser de interese non só do Concello senón de tódolos veciños.

Dí que fan alusión na prensa dos motivos polos que non asisten ao Pleno, os cales non son certos, xa que houbo tempo de sobra para ver o Pleno e que xa tiñan sabido da convocatoria do mesmo.

Indica que a Interventora fixo o informe desfavorable, polo cal o importe de 1.266.000,00 € serían descontados en 10 meses polo estado, e que se poría en perigo o pago das nóminas entre outros, tendo que facer un reaxuste para levar a cabo o referido Plan.

Dí que se debe dar agradecemento á concelleira de Facenda Sonia Castaño, a Interventora acctal e a Deputación da Coruña por facer posible este Plan de Axuste en 2 días e poder levar a cabo o mesmo con algúns reaxustes, incluíndo as débedas de ingreso por dudoso cobro, non sendo posible rematar a débeda ata o ano 2022, sen o Plan de Axuste.

Indica que o Plan de Axuste ten o informe favorable do Servicio de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña.

Dí que a voceira do Partido Popular pon en dúbida a capacidade da Interventora, e que o Plan de Axuste fáise de espaldas a oposición e aos veciños. Nembargantes hoxe deberían estar aquí para apoio ao mesmo, xa que está informado favorablemente pola Deputación do seu partido. En canto ao custe excesivo deste Pleno, indícalle que hai un tope de pleno ao ano, e que os que pasen dese número non se cobran.

Indica que é un pleno duro pero viabel e que é difícil pero que se levará a cabo cun plan de máis ingresos e menos gastos.

En canto a actualización da revisión catastral, hai que levala a cabo, xa que non se fixo ao longo de varios anos. Tamén se conta cos ingresos das débedas de dudoso cobro e que no 2015 o concello quedará saneado.

No capítulo de gastos prevése un aforro dun 69,7% con respecto ao ano 2011 e continuará prohibíndose calquera gasto que non teña partida orzamentaria. Unha redución dos contratos menores e as licitación á baixa. Unha redución dos servizos xerais, cunha amortización de prazas de persoal e non cubrir as prazas de xubilación dos funcionarios. A renuncia a proxectos, incluído o do Paseo Marítimo de Taragoña.

O presente Plan contempla máis ingresos e menos gastos o que conleva un aforro nos vindeiros anos, quedando saneado no 2015, despóis de pasar anos difíciles.

Dí que ante a falta dos membros do Partido Popular o equipo de goberno asumirá e aprobará o Plan de Axuste por ser unha vía factible para o pago aos provedores.

Pola voceira do BNG D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns, maniféstase:

Que o BNG vai aprobar este plan inda que vai na liña oposta e que para nós debería ser o sistema de financiamento local, isto é a provisión de fondos suficientes para unha axeitada prestación dos servizos aos cidadáns e, neste particular momento de crise, tamén para fomentar a reactivación económica, contribuir á xeración de emprego, creación dunha banca pública, e eliminación das deputacións, etc.

Pola contra, este decreto-lei é unha violación da autonomía local, pois supón un control sobre a xestión económica municipal por parte do estado sen que este garantir o financiamento adecuado dos concellos nos ingresos do Estado.

Ademáis de limitar a competencia orzamentaria municipal, o Real Decreto socava tamén as competencias autonómicas sobre a supervisión dos entes locais, o cal non soluciona as cuestións fundamentais como son as débedas que a Xunta de Galicia arrastra cos concellos.

O sistema elixido polo Real-Decreto é un negociado máis coa banca privada, pois ésta verase beneficiada polo xeito de establecer un tipo de xuro superior ao do tesouro en 115 puntos básicos, préstamos cun tipo de xuro máis alto que a débeda pública española, co propósito agochado de axudar outra vez á banca mediante eses tipos elevados de xuros.

Todos isto cando acaban de recibir máis de 100.000 millóns de euros de liquidez do BCE ao 1%, e agora préstanolo ao 6 ou 7%, diferenza que como sempre teremos que pagar a escote todos os veciños vendo, ademáis estes diminuír as prestacións que reciben, posto que non prioriza as facturas a pagar, pois o mesmo poden ter prioridade facturas de gastos suntuarios como comidas, festas, protocolos, etc, como as destinadas a soste servizos públicos (servizos sociais, suministros escolares, etc), polo que prexudica aos concellos que teñen máis inversión social.

Este Real-Decreto, ao contrario de favorecer inversións en servizos, obríganos a subir os tributos locais e reducir en gasto de persoal, o que implica unha merma nas prestacións os veciños e maior gasto en xuros e comisións bancarias.

O BNG vai apoiar esta norma porque é, lamentablemente, a única posibilidade que permite o goberno central para poder manter en funcionamento ás entidades locais que son as que prestan a maior parte dos servizos esenciais.

O BNG vai apoiar esta norma que ten un único aspecto positivo: abrir a posibilidade conxuntural para acceder a un financiamento indispensable que contribuirá a aliviar as cargas adquiridas cos distintos provedores que tampouco son os causantes desta crise.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

Levántase a sesión ás 12:45 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria accidental.**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Vicenta A. Campaña Martínez**

**ACTA Nº 05-2012**  
**DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA**  
**POLO PLENO MUNICIPAL**  
**DIA 30/03/2012**

**Marxe que se cita:**

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día e hora indicada na convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión Extraordinaria Urxente.

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

**Concelleiros/as asistentes :**

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE).-

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

**Concelleiros ausentes:**

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

**Secretaria accidental:**

Vicenta A. Campaña Martínez

**Interventora accidental:**

Mª Jesús Fernández Reiriz.

Constatada a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DÍA:**

**1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.-**

**2º.- PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012.**

**1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA**

O sr. Presidente pregunta aos/as sres/as.concelleiros/as sobor da ratificación da convocatoria deste pleno por urxencia, conforme ao exposto na propia convocatoria, en

relación a este asunto PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012 sendo imprescindible a súa aprobación antes de final de mes.

Sometida a votación a ratificación da urxencia, resulta:

Ratifícase a urxencia da orde do día do pleno por unanimidade dos membros presentes ( 6 do BNG, 4 do PSdG-PSOE), isto é, 10 dos 17 que conforman o pleno municipal.-

## **2.- PLAN DE AXUSTE AO ABEIRO DO RD 4/2012.**

O Sr.Alcalde parte da proposta e do informe de intervención que figuran no expediente deste asunto, que literalmente din:

<<O Real Decreto –lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago aos provedores das entidades locais prevé no seu artigo 7 a elevación ao Pleno dun plan de axuste para a súa aprobación antes do 31/03/2012. Este artigo establece cal é o contido mínimo do mencionado Plan.

Emitido informe pola intervención accidental do día 28/03/2012, acompañado do informe do Xefe do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial do 27/03/2012 favorable coas novas medidas propostas.

O presente Plan de Axuste ten como orixe os datos da liquidación do orzamento do exercicio 2011, remitidos ao Ministerio de Economía e Facenda vía telemática con data 20/03/2012.

A duración do Plan de Axuste é de 10 anos que é o fixado por acordo da Comisión Delegada do Goberno para asuntos económicos.

Sendo o órgano competente para a aprobación do plan de axuste o Pleno da corporación, esta Alcaldía efectúa a seguinte proposta de ACORDO:

**Primeiro:** Aprobar o plan de axuste que incorporará a explicación detallada e cuantificada contida neste, e do que resultan as seguintes medidas de entre as posibles, someramente reflectidas deseguido ( empreganse os epígrafes recollidos no Plan):

### **B.1 Descrición medida de ingresos**

- Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias.

#### **I.B.I.**

O Real decreto Lei 20/2011 prevé unha subida do noso tipo impositivo que se aplica ao valor catastral de bens urbanos do 0,55 por cento ao 0,605, para o exercicio 2012.

O equipo de goberno estima necesario realizar unha actualización dos valores catastrais dos bens inmobles urbanos, pois a ponencia de valores que se está a aplicar está moi desfasada, en concreto

corresponde ao ano 1988. Isto suporía que os ingresos se incrementarían no exercicio 2013 un 5% e nos seguintes un 8%. A ponencia de valores espera aprobarse en xuño do 2012, para que sexa aplicable o 01/01/2013

Tamén considera necesario, alomenos ata que se aplique o novo valor catastral de forma plena, que se manteña o tipo que agora impón o estado de 0,605 por cento. A ordenanza fiscal correspondente aprobaríase no exercicio 2012, para que inicie a súa vixencia o 01/01/2013.

O incremento interanual por este concepto en relación co ano anterior é o que se reflicte no seguinte cadro, expresado en miles de euro:

	<b>2012</b>	<b>2013</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>	<b>2017</b>	<b>2018</b>	<b>2019</b>	<b>2020</b>	<b>2021</b>	<b>2022</b>
Axustes IBI	113,02	57,18	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49	91,49

### **IVTM**

Mantense ata o exercicio 2015 prevista no plan de saneamento aprobado no exercicio 2009 de incrementar os coeficientes nun 3% anual.

A ordenanza fiscal correspondente aprobaríase en setembro do exercicio 2012, para que inicie a súa vixencia o 01/01/2013.

Medida 2: Reforzo da eficacia da recadación executiva e voluntaria (asinamento de convenios de colaboración co ESTADO e/o CCAA)

Dado o volumen de dereitos pendentes de cobro existentes na actualidade e o cambio organizativo dos servizos tributarios municipais vanse a acometer actuacións de reorganización dos mesmos nas súas diversas áreas (xestión, inspección e recadación) co obxectivo de intensificar e optimizar a súa actividade e por outro lado, mediante a formalización de fórmulas de colaboración coas entidades territoriais superiores como a Xunta de Galicia e/ou a Diputación Provincial o que permitirá ao Concello abarcar maior ámbito territorial e contar coas organizacións administrativas de xestión e recadación tributaria mais especializadas e con maiores medios que a Facenda Municipal o que, indubablemente, incrementará o porcentaxe de recadación de dereitos pendentes de pago e o afloramento de feitos impoñibles que na actualidade son de difícil detección cos medios e modelo organizativo utilizados ata a data.

### **B.2 Descrición medida de gastos**

Medida 1: Reducción de custos de persoal (reducción de soldos ou efectivos)

Engadir ao xa manifestado á previsión de redución de persoal adscrito aos servizos xerais (importe estimado 60.000,00 € anuais)

Medida 10: Reducción da celebración de contratos menores (primarase o requisito do menos precio de licitación).

Considerase a redución dos seguintes gastos debido á súa nova contratación baixo criterios de contratación agregada e por menor prezo de licitación,

-Aforro enerxético (alumeado público e suministros eléctricos)	82.000,00 €
-Gastos telefónicos	5.000,00 €

Medida 11: Non execución de inversión prevista inicialmente.

Considérase una redución da inversión prevista para o 2012 no Paseo Marítimo de 146.700,00 € que se fai extensiva ao período 2013-15 nesa e outras inversións.

Medida 16: Outras medidas polo lado dos gastos.

Considerase una redución anual en gasto por transferencias corrientes-subvenciones de 40.000,00 €  
Control do gasto para garantir a prohibición de calquera gasto sen consignación orzamentaria.

### **B.3 Outro tipo de medidas.**

Medida 2: Estimación realista dos dereitos de dudoso cobro

Considérase convinte e coherente coa nova estruturación dos servizos tributarios o cambio de criterio de cuantificación de dereitos de dudoso ou difícil cobro cunha imputación acumulativa anual do 10% dende o segundo exercicio de antigüidade.

**Segundo:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a adoptar as medidas previstas no plan de axuste para garantir a estabilidade orzamentaria, límites de débeda os prazos de pago a provedores, por un período coincidente coa amortización da operación de endebedamento que se prevea concertar no marco do Real Decreto-lei 4/2012, do 24 de febreiro (que será como máximo de 10 anos de duración).

**Terceiro:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a aplicar as medidas indicadas no presente plan de axuste.

**Cuarto:** Declaración expresa da Entidade local comprometéndose a remitir toda a información que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas considere necesaria para o seguimento do cumprimento deste plan de axuste, así como calquera outra información adicional que se considere precisa para garantir o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites de débeda pública e as obrigacións de pago a provedores.>>

## **<<INFORME DE INTERVENCIÓN**

### **Asunto: Plan de ajuste al amparo del R.D 4/2012**

---

De conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Tercera del Real Decreto-ley 7/2012, del 9 de marzo, por el que se crea el Fondo para la financiación de los pagos a los proveedores, en relación con la aprobación del plan de ajuste previsto en el artículo 7 del Real Decreto-ley 4/2012, del 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las entidades locales, emito el siguiente informe.

### **I.- ANTECEDENTES.**

Consta en el expediente la siguiente documentación:

- Documentación relativa a la liquidación del presupuesto municipal del ejercicio 2011.
- Estados de gastos e ingresos del presupuesto prorrogado del ejercicio 2012.
- Propuesta de plan de ajuste de la Alcaldía.
- Informe de intervención municipal del 22/03/2012.
- Informe emitido por el Servicio de Asistencia a Municipios el 27/03/2012 sobre el Plan de ajuste elaborado..

Asimismo se indica que se tiene remitida relación certificada prevista en el artículo 3 del Real Decreto-Ley 4/2012, en caso de no efectuarse el pago de las obligaciones reconocidas, se someterá a consideración del Pleno, para su aprobación, si procede, el Plan de Ajuste previsto en artículo 7 del señalado Real Decreto-Ley, antes del 31 de marzo de 2012.

## **II.-NORMATIVA APLICABLE.**

- Constitución Española de 1978.
- Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.
- R.D.L. 781/86, de 18 de abril, por el que se aprueba el Texto Refundido de las Disposiciones Legales vigentes en materia de Régimen Local.
- R.D.L 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.
- Lei 5/1997, de 22 de julio ,de Administración Local de Galicia.
- R.D.Ley 4/2012, de 24 de febrero, por el que se determinan obligaciones de información y procedimientos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para el pago a los proveedores de las ee.ll.
- R.D. Ley 7/2012, de 9 de marzo , por el que se crea el Fondo para la financiación de los pagos a proveedores.
- Orden HAP/537/2012, de 9 de marzo, por la que se aprueban el modelo de certificado individual, el modelo para su solicitud y el modelo del plan de ajuste, previstos en RD Ley 4/2012, de 24 de febrero.

## **III.-CONSIDERACIONES.**

### ***Contenido del plan de ajuste***

En cuanto a los requisitos de contenido de este plan de ajuste debemos remitirnos a lo estipulado en art.7 del R.D. Ley 4/2012 que establece lo siguiente ,

“El plan de ajuste aprobado se extenderá durante el período de amortización previsto para la operación de endeudamiento establecida en el artículo 10, debiendo los presupuestos generales anuales que se aprueben durante el mismo, ser consistentes con el mencionado plan de ajuste. En todo caso, el contenido del citado plan deberá cumplir los siguientes requisitos:

- a) Recoger ingresos corrientes suficientes para financiar sus gastos corrientes y la amortización de las operaciones de endeudamiento, incluida la que se formalice en el marco de la presente norma;
- b) Las previsiones de ingresos corrientes que contenga deberán ser consistentes con la evolución de los ingresos efectivamente obtenidos por la respectiva entidad local en los ejercicios 2009 a 2011;
- c) Una adecuada financiación de los servicios públicos prestados mediante tasa o precios públicos, para lo que deberán incluir información suficiente del coste de los servicios públicos y su financiación;



d) Recoger la descripción y el calendario de aplicación de las reformas estructurales que se vayan a implementar así como las medidas de reducción de cargas administrativas a ciudadanos y empresas que se vayan a adoptar en los términos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos;

e) Cualesquiera otros requisitos que se establezcan por Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos.

El Plan de ajuste podrá incluir modificación de la organización de la corporación local.

### **Elaboración**

El referido plan de ajuste deberá ser elaborado por la respectiva Corporación Local de acuerdo con su potestad de autoorganización según determina la disposición adicional tercera del R.D Ley 7/2012, debiendo acompañarse de Informe del Interventor Municipal.

### **Tramitación**

Respecto a la tramitación del mismo el citado art del R.D.Ley indica que deberá remitirse por la entidad local el día siguiente de su aprobación por el Pleno (que deberá realizarse antes del 31 de marzo) al órgano competente del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, por vía telemática y con firma electrónica, quien realizará una valoración del plan presentado, y se la comunicará a la entidad local en un plazo de 30 días naturales a contar desde la recepción del plan. Transcurrido dicho plazo sin comunicación de la citada valoración, ésta se considerará desfavorable. Valorado favorablemente el plan de ajuste se entenderá autorizada la operación de endeudamiento prevista en el artículo 10.

Visto el informe de Intervención Municipal de fecha 22 de marzo de 2012 en el que se informa desfavorablemente a la propuesta de plan de ajuste formulada por la Alcaldía se proponen unos **NUEVOS AJUSTES** a añadir a la propuesta inicial que se pueden resumir del modo siguiente:

#### PRESUPUESTO DE INGRESOS

- Medida 2 : Refuerzo de la eficacia de la recaudación ejecutiva y voluntaria (firma de convenios de colaboración con Estado y/o CC.AA.)

Dado el volumen de derechos pendientes de cobro existente en la actualidad y el cambio organizativo de los servicios tributarios municipales se van a acometer actuaciones de reorganización de los mismos en sus diversas áreas (gestión, inspección y recaudación) con el objetivo de intensificar y optimizar su actividad y, por otro lado, mediante la formalización de fórmulas de colaboración con entidades territoriales superiores como la Xunta de Galicia y/o la Diputación Provincial lo que permitirá al Ayuntamiento abarcar mayor ámbito territorial y contar con organizaciones administrativas de gestión y recaudación tributaria más especializadas y con mayores medios que la Hacienda Municipal lo que ,indudablemente, incrementará el porcentaje de recaudación de derechos pendientes de cobro y el afloramiento de hechos imposables que en la actualidad son de difícil detección con los medios y modelo organizativo utilizados hasta la fecha.

- Medida 2 Estimación realista de derechos de dudoso cobro.

Se considera conveniente y coherente con la nueva estructuración de los servicios tributarios el cambio de criterio de cuantificación de derechos de dudoso o difícil cobro con una imputación acumulativa anual del 10% desde el segundo ejercicio de antigüedad.

#### PRESUPUESTO DE GASTOS

- Medida 1 : Reducción de costes de personal.

Añadir a lo ya manifestado en la propuesta inicial la previsión de reducción de personal adscrito a los servicios generales (importe estimado 60.000,00 € anuales)

- Medida 10 : Reducción de celebración de contratos menores.

Se considera la reducción de los siguientes gastos debido a su nueva contratación bajo criterios de contratación agregada y por el menor precio de licitación,

-Ahorro energético (alumbrado público y suministros eléctricos)	82.000,00 €/año
-Gastos telefónicos	5.000,00 €/año

- Medida 11 : No ejecución de inversión prevista inicialmente.

Se estima una reducción de la inversión prevista para el 2012 en Paseo Marítimo de 146.700,00 € que se hace extensiva al período 2013-15 en esa u otras inversiones por tal importe.

- Medida 16 :Otras medidas por el lado de los gastos.

Se propugna una reducción anual en gasto por transferencias corrientes-subvenciones de 40.000,00 €

A resultas de lo cual, con el escaso tiempo para revisar estas nuevas medidas de ajuste, el Ayuntamiento de Rianxo prevé obtener unas cifras de ingresos corriente que dan cobertura a sus gastos corrientes y a la amortización de las operaciones de endeudamiento vivas más la generada por la aplicación del R.D.Ley 4/2012, de 24 de febrero debiendo poner especial cuidado en el cumplimiento de las medidas de ajuste de ingresos y gastos a aplicar en el periodo 2012-2015 debido a que es cuando se debe hacer frente a anualidades de amortización de la deuda viva de mayor cuantía.

Por otra parte, se debe concretar el calendario anual de aplicación de las medidas de ajuste.

#### **V.-CONCLUSIÓN.**

A la vista de las consideraciones citadas en el apartado anterior, el plan de ajuste elaborado es revisado por la Diputación Provincial e informado al respecto por el jefe del Servicio de Asistencia a Municipios, esta funcionaria, con la condición de que se realice una aplicación efectiva de las medidas a tomar, considera que el plan de ajuste cumple los requisitos exigidos por el art. 7 del R.D Ley 4/2012 y, por lo tanto, se puede informar favorablemente.

Es cuanto tengo el deber de informar.

Rianxo, 28 de marzo de 2012  
A interventora accidental  
Maria Jesús Fernández Reiriz>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 30/03/2012, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

Polo Sr. Alcalde explícase que o Real Decreto Lei 4/2012 que sacou o goberno de Rajoy, determinou unha serie de obrigas para o financiamento do pago de provedores das entidades locais ao abeiro don plan de axuste a aprobar antes do 31 de marzo.

Di que é un plan de axuste a dez anos e que será aprobado unha vez se remita e estude polo Ministerio de Economía e Facenda e que contén medidas de reducción dos gastos públicos e recolla de ingresos suficientes.

Indica que o camiño único e éste: o goberno do estado vai proceder ao pago das facturas remitidas polos concellos (1.266.000 no caso de Rianxo) e logo temos que devolvelo, non é de balde. Ou imos con esta operación a dez anos ao 5% de interese ou o estado retirará das cantidades que recibimos mensualmente dos tributos até completar a cantidade adiantada. Esta non é opción, xa que poría en perigo e risco acometer os pagos ordinarios, polo que se adopta a decisión de ir ao plan de axuste que se somete a votación hoxe e que permitirá a medio prazo saír desta situación de crise e de falta de liquidez puntual.

Segue dicindo, que o Concello de Rianxo neste momentos está facendo un enorme esforzo para saldar unha débeda importante anterior. 1.000.000,00 de euros anual, de pagos que de non ser así, estaría permitindo realizar os pagos con outra solvencia e axilidade. Esta situación dura todo este mandato e remata no 2015 cando pasamos do millón anual a 370.000 € no 2016 e 185.000 no 2017. Este vai ser un problema que domine por tanto todo este mandato e que nos obrigará a extremar os controles, renunciar a determinados proxectos e contratacións que non teñan un financiamento próximo ao 100% externo e facer moitas economías de gastos e tamén de melloras de ingresos.

Dí que a falta de actualización e incumprimento da Lei catastral fai que para este ano o goberno do estado, nos impoña un dez por cento de suba dos tipos, unha suba que sería menor de termos actualizado o catastro nos últimos 25 anos para igualarnos ao resto dos concellos da comarca. Daí que entre as medidas que plantaxe o Catastro, aborde a revisión neste momento, onde os valores están máis baixos que nos últimos 4 anos de subida dos valores das vivendas. De termos feito a revisión, a suba sería moito menor, un 4% ou nalgún casos nada de suba. Explica que o Real Decreto Lei 20/2011, de 30 de decembro, de medidas urxentes en materia presupostaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, dí que este incremento estableceuse dunha maneira progresiva (10%, 6%, 4%) atendendo á antigüidade da revisión catastral e, por tanto, a súa adecuación ao valor do mercado: a maior antigüidade do valor, maior subida. Ademais, para evitar penalizar ás rentas máis baixas, exclúese do incremento ao 50% das vivendas de menor valor de cada municipio, sendo que os seus valores catastrais foran actualizados despóis de 2001. Tamén están exentas desta subida as vivendas cal valor catrastral fora revisado nos anos en que o valor dos inmobles era máis alto (2005-2007).

Segue dicindo que serán anos duros, de axuste, de economías para todos e todas. Sentar as bases para que comencemos a partir do 2015 a solucionar os problemas conxunturais..

Dí que temos un gastos improprios para mantemento e funcionamento dos colexios e escolas de 300.000,00 € que deberían ser asumidos pola Xunta de Galicia e que non se recibe axuda ningunha para sufragalos mesmos, nin da propia Xunta nin do goberno do estado.

Que neste momento hai unha taxa cero de reposición implantada desde o estado, en temas de persoal.. Se alguén se xubila non se pode cubrir a praza. Mentres non cambie ese criterio, será abondo para que non teñaños que recurrir a recortes salariais e se consiga unha pequena rebaixa neste apartado. Supoñendo isto nalgúns casos ter que externalizar servicios.

Tamén hai que tomar medidas que eviten o gasto innecesario, e renunciar a proxectos , coma por exemplo o novo paseo marítimo, tendo que centrarnos en rematar as obras inacabadas, optimizar os recursos que xa temos e cooperar coas administracións.

En canto ao aforro enerxético, eliminación de luminarias e outros controles do consumo eléctrico. Mellora nos contratos de servizos que agoran vencerán: lixo, iluminación municipal, e en cinco anos auga e saneamento. Inténtase facer o Plan de axuste cas mellores condicións, incluso para outros equipos de goberno posteriores.

Indica que os membros do P.P. non asisten ao Pleno, a pesar de saber que hai pleno dende o martes na sesión. Dí que o grupo do goberno tamén traballa e hoxe solicitaron estar aquí o que está amparado polos convenios colectivos, outra cousa é que non se queira estar.

Dí que o informe de intervención era nun principio negativo, e que se levou a Asistencia a Municipios para que incorporarán novas melloras, xa que a Interventora do concello está ausente por días. Que acudiron a tódalas administracións do PP e que veu informado por todas elas favorablemente, sendo un camiño moi longo.

O Ministerio de Facenda leva toda a semana remitindo aclaracións, documentos e similares, obrigando a realizar múltiples retoques, sendo a última a tarde de onte, 29 de marzo.

Todos os concellos estamos iguais, dentro de 1 hora, hai pleno en Ribeira e outros concellos apuran á última hora. En Santiago de Compostela contrataron unha empresa para facer o Plan de Axuste.

Indica que se non hai informe favorable o Plan, o estado retén o importe, poñendo en perigo incluso o pago das nóminas. O Plan de axuste conta co informe favorable da Interventora acctal., do Xefe de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial e que se basean nas medidas de ingresos que se van a producir: Subida do IBI, de acordo á lei 20/11 do PP, subida do 3%do I.V.T.M., rebaixa nas subvencións que concede o concello a entidades do municipio, acometelos pendentes de cobro, previsión das xubilacións en 10 anos, mellora nos contratos e redución dos contratos menores. Dí que hai que acollerse ao Plan de Axuste, por ser imposible afrontalo gasto doutra maneira.

Polo voceiro do PsdeG-PSOE D. José Carlos Gey Hermo, manifestase:

En primeiro lugar que sinte a ausencia dos membros do Partido Popular, xa que neste Pleno é onde se nota o apoio ó mesmo, por ser de interese non só do Concello senón de tódolos veciños.

Dí que fan alusión na prensa dos motivos polos que non asisten ao Pleno, os cales non son certos, xa que houbo tempo de sobra para ver o Pleno e que xa tiñan sabido da convocatoria do mesmo.

Indica que a Interventora fixo o informe desfavorable, polo cal o importe de 1.266.000,00 € serían descontados en 10 meses polo estado, e que se poría en perigo o pago das nóminas entre outros, tendo que facer un reaxuste para levar a cabo o referido Plan.

Dí que se debe dar agradecemento á concelleira de Facenda Sonia Castaño, a Interventora acctal e a Deputación da Coruña por facer posible este Plan de Axuste en 2 días e poder levar a cabo o mesmo con algúns reaxustes, incluíndo as débedas de ingreso por dudoso cobro, non sendo posible rematar a débeda ata o ano 2022, sen o Plan de Axuste.

Indica que o Plan de Axuste ten o informe favorable do Servicio de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación da Coruña.

Dí que a voceira do Partido Popular pon en dúbida a capacidade da Interventora, e que o Plan de Axuste fáise de espaldas a oposición e aos veciños. Nembargantes hoxe deberían estar aquí para apoio ao mesmo, xa que está informado favorablemente pola Deputación do seu partido. En canto ao custe excesivo deste Pleno, indícalle que hai un tope de pleno ao ano, e que os que pasen dese número non se cobran.

Indica que é un pleno duro pero viabel e que é difícil pero que se levará a cabo cun plan de máis ingresos e menos gastos.

En canto a actualización da revisión catastral, hai que levala a cabo, xa que non se fixo ao longo de varios anos. Tamén se conta cos ingresos das débedas de dudoso cobro e que no 2015 o concello quedará saneado.

No capítulo de gastos prevése un aforro dun 69,7% con respecto ao ano 2011 e continuará prohibíndose calquera gasto que non teña partida orzamentaria. Unha redución dos contratos menores e as licitación á baixa. Unha redución dos servizos xerais, cunha amortización de prazas de persoal e non cubrir as prazas de xubilación dos funcionarios. A renuncia a proxectos, incluído o do Paseo Marítimo de Taragoña.

O presente Plan contempla máis ingresos e menos gastos o que conleva un aforro nos vindeiros anos, quedando saneado no 2015, despóis de pasar anos difíciles.

Dí que ante a falta dos membros do Partido Popular o equipo de goberno asumirá e aprobará o Plan de Axuste por ser unha vía factible para o pago aos provedores.

Pola voceira do BNG D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns, maniféstase:

Que o BNG vai aprobar este plan inda que vai na liña oposta e que para nós debería ser o sistema de financiamento local, isto é a provisión de fondos suficientes para unha axeitada prestación dos servizos aos cidadáns e, neste particular momento de crise, tamén para fomentar a reactivación económica, contribuir á xeración de emprego, creación dunha banca pública, e eliminación das deputacións, etc.

Pola contra, este decreto-lei é unha violación da autonomía local, pois supón un control sobre a xestión económica municipal por parte do estado sen que este garantira o financiamento adecuado dos concellos nos ingresos do Estado.

Ademáis de limitar a competencia orzamentaria municipal, o Real Decreto socava tamén as competencias autonómicas sobre a supervisión dos entes locais, o cal non soluciona as cuestións fundamentais como son as débedas que a Xunta de Galicia arrastra cos concellos.

O sistema elixido polo Real-Decreto é un negociado máis coa banca privada, pois ésta verase beneficiada polo xeito de establecer un tipo de xuro superior ao do tesouro en 115 puntos básicos, préstamos cun tipo de xuro máis alto que a débeda pública española, co propósito agochado de axudar outra vez á banca mediante eses tipos elevados de xuros.

Todos isto cando acaban de recibir máis de 100.000 millóns de euros de liquidez do BCE ao 1%, e agora préstano ao 6 ou 7%, diferenza que como sempre teremos que pagar a escote todos os veciños vendo, ademáis estes diminuír as prestacións que reciben, posto que non prioriza as facturas a pagar, pois o mesmo poden ter prioridade facturas de gastos suntuarios como comidas, festas, protocolos, etc, como as destinadas a soste servizos públicos (servizos sociais, suministros escolares, etc), polo que prexudica aos concellos que teñen máis inversión social.

Este Real-Decreto, ao contrario de favorecer inversións en servizos, obríganos a subir os tributos locais e reducir en gasto de persoal, o que implica unha merma nas prestacións os veciños e maior gasto en xuros e comisións bancarias.

O BNG vai apoiar esta norma porque é, lamentablemente, a única posibilidade que permite o goberno central para poder manter en funcionamento ás entidades locais que son as que prestan a maior parte dos servizos esenciais.

O BNG vai apoiar esta norma que ten un único aspecto positivo: abrir a posibilidade conxuntural para acceder a un financiamento indispensable que contribuirá a aliviar as cargas adquiridas cos distintos provedores que tampouco son os causantes desta crise.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e por unanimidade dos 10 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos da mesma.-/

Levántase a sesión ás 12:45 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria accidental, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria accidental.**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Vicenta A. Campaña Martínez**